



Memoria económica e de transparencia do Convenio para concesión dunha subvención directa entre a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e a Arquidiocese de Santiago de Compostela para o acondicionamento da cuberta, fachada e parámetros interiores da igrexa parroquial de Santa María na parroquia de Cardama.

Expediente: CNV23_20

PRIMEIRO.- Antecedentes e obxectivos

Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (en adiante, a Axencia) creouse pola disposición adicional sexta da Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo (DOG núm. 251, do 29 de decembro).

A dita lei de creación está modificada, entre outras, pola Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia (DOG núm. 94, do 21 de maio), en cuxo artigo 6 configúrase a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural como unha axencia pública autonómica, de conformidade coa Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, coa consideración de medio propio e servizo técnico da Comunidade Autónoma de Galicia, que actúa como instrumento básico na promoción e coordinación do desenvolvemento do territorio rural galego, co obxectivo de mellorar as condicións de vida dos seus habitantes e de evitar o seu despoboamento a través, entre outras, das medidas de recuperación da terra agroforestal de Galicia reguladas na citada Lei 11/2021.

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural está adscrita á Consellería do Medio Rural, ten personalidade xurídica e patrimonio propios, goza de autonomía administrativa e económica e posúe plena capacidade de obrar, tanto no campo do dereito público como no do dereito privado, para o cumprimento dos seus fins e con suxeición á normativa correspondente.

A Axencia quere promover e poñer en valor no ámbito rural galego o patrimonio histórico, a recuperación da terra agraria, a vida social, cultural e educativa, a contorna natural e os produtos agroalimentarios, xa que as actuacións sobre os ditos ámbitos contribúen a mellorar a calidade de vida e a cohesionar a vida social e a estimular o arraigamento da poboación no medio rural, de xeito que fagan deste un lugar máis atractivo, ao ser as ditas actuacións interesantes dende o





punto de vista do fortalecemento do orgullo rural, da diversificación económica, da potenciación do interese polo territorio e, polo tanto, do desenvolvemento xeral do territorio.

De conformidade co disposto nesta normativa, compete a Axencia, entre outras funcións:

- Elaborar estratexias e plans integrados de valorización do medio rural, que coordinen actuacións de diversa natureza e contén coa participación dos axentes socioeconómicos públicos e privados.
- Artellar proxectos de desenvolvemento rural con carácter piloto e innovador, dirixidos ao reforzamento da base produtiva das áreas rurais, á valorización dos seus recursos e á mellora da calidade de vida dos seus habitantes.
- Promover e favorecer a cooperación entre os axentes públicos e privados cuxas actuacións incidan directa ou indirectamente no desenvolvemento das zonas rurais
- Contribuír ao reforzamento del tecido social e á mellora da capacidade organizativa das áreas rurais.
- Aplicar outras medidas e actuacións que teñan por obxecto, en particular, a dinamización do tecido produtivo e á fixación de poboación nas áreas rurais.

SEGUNDO.- Xustificación do interese público e social, singularidade e excepcionalidade e da non concorrencia pública da actuación proposta .

Nos termos previstos no artigo 19.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, poderán concederse de forma directa, con carácter excepcional, as subvencións nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria. A Axencia e as entidades de participación cidadá son conscientes da necesidade de favorecer a contorna rural, a preservación do patrimonio que alberga e a promoción do seu potencial turístico e económico, de xeito que se mellore tanto a calidade de vida da poboación, mediante unha adecuación oferta no ámbito do ocio, o deporte, a cultura, e/ou sectores produtivos e se preste unha completa gama de servizos básicos que melloren as condicións de socialización e interrelación das parroquias rurais de Galicia dende a premisa principal de garantir a existencia das infraestruturas básicas para elo e mellorar a estrutura do territorio para fixar a poboación do rural galego.

- Interese público e social: Neste caso a memoria técnica presentada pola Arquidiocese de Santiago de Compostela, propón o acondicionamento da cuberta, fachada e parámetros interiores da igrexa parroquial de Santa María da parroquia de Cardama. Trátase dunha edificación que comporta acondicionamento da cuberta da Igrexa situada no Lugar de Pedredo necesaria para a continuidade dos actos





relixiosos e culturais que se están levando a cabo no lugar e que potencia os elementos que recuperen ou manteñan a historia e a memoria da comarca e satisface as necesidades e aspiracións da veciñanza.

A súa ubicación cercana ao centro social da citada parroquia facilita a relación veciñal na preservación dos valores sociais no medio rural. Isto incentiva a necesidade que ten a axencia en potenciar a recuperación dos elementos do patrimonio histórico que manteñan a historia da comarca nese nexo de encontro veciñal entre os dous espazos mobilizando o rural e evitando a despoboación.

Trátase dun espazo de encontro relixioso, espiritual, cultural e social dos veciños da parroquia de Cardama.

O mantemento deste patrimonio histórico ao que asisten os veciños da comarca incentiva a mobilización de terras no rural o garantir a continuidade dos servizos dos que veñen dispoñendo e disfrutando os veciños nese entorno rural. Por iso é preciso levar a cabo este tipo de proxectos que incentiven o desenvolvemento rural mantendo a poboación no entorno no que está ubicada a igrexa obxecto de actuación.

De acordo co artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non é posible promover a concorrència pública para a realización desta actuación. Neste caso o proxecto presentado radica na necesidade de atender áreas específicas da comarca que se materializa na realización de obras de mellora, reforma e reparación de infraestruturas e instalacións a satisfacer as necesidades da veciñanza.

Debido ao carácter puntual ou ocasional deste tipo de apoio e á vista das características concretas das actuacións previstas, non parece adecuado articular estas axudas a través dunha convocatoria pública, sendo a subvención directa a través de convenio a fórmula que máis se adapta á natureza destas axudas debido á súa singularidade e excepcionalidade: A igrexa de Santa María da parroquia de Cardama, de estilo barroco, data do século XVIII, cunha estrutura de planta de cruz latina. Está construída en granito, recuberta en branco e con cuberta de tella a dúas augas e precisa o acondicionamento da súa cuberta, fachada e parámetros interiores da mesma para garantir a continuidade dun espazo de relación veciñal. Situada no ámbito rural trátase dunha edificación que comporta acondicionamento da cuberta da Igrexa situada no Lugar de Pedredo necesaria para a continuidade dos valores sociais, relixiosos e culturais que se están levando a cabo no lugar e que potencia os elementos que recuperen ou manteñan a historia e a memoria da comarca e satisface as necesidades e aspiracións da veciñanza.

En concreto, en relación ao proxecto de que se trata, as razóns que xustifican o interese social e público que dificultan a promoción da concorrència pública e a seguinte: a continuidade das actividades relixiosas, culturais e sociais está condicionada ao mantemento dos lugares nos que se realizan nun bo estado de





conservación, polo que a restauración igrexa parroquial de Santa María da parroquia de Cardama resulta de vital importancia para garantir esta condición. Todas estas actuacións redundarán na mellora e condicións de uso e goce do mesmo co fin de destinalos a un uso público, cultural e social compatible cos seus elementos así como o mantemento da poboación no ámbito rural, fortalecendo a presenza e dinamización do mesmo.

TERCEIRO.- Financiación

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural ea Arquidiocese de Santiago de Compostela, queren levar a cabo un convenio para a concesión dunha subvención directa para o proxecto arriba referenciado por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 15.12.2023 sen prexuízo de que as actividades subvencionadas sexan as executadas a partires do 01 de xaneiro de 2023.

- PROXECTO "Acondicionamento da cuberta, fachada e parámetros interiores da igrexa parroquial de Santa María da parroquia de Cardama".
- ORZAMENTO: Corenta e catro mil oitocentos noventa e un euros con noventa céntimos (44.891,90 €), para a anualidade 2023. Aplicación orzamentaria 14.A1.712A.781.0 -Código proxecto 2017 00004 dos orzamentos da Axencia para o ano 2023 "Mobilización de terras no contorno rural".

ANUALIDADE	AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL	ARQUIDIÓCESE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
2023	39.302,71 €	5.589,19 €
TOTAL	44.891,90 €	

- Plan Estratéxico de Galicia:

<ul style="list-style-type: none">• Integración no Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030• Proxecto 2017 00003		
Eixo	E3	Competitividade e crecemento
Prioridade de	PA05	Aproveitar as potencialidades de Galicia cara





actuación		un sector primario moderno e competitivo.
Obxectivo estratéxico:	E06	Contribuír o desenvolvemento económico e social en zonas rurais e costeiras. Mellorar as condicións de vida no territorio rural galego, especialmente a través dunha mellora das infraestruturas, mellora no acceso aos servizos básicos e creación de emprego.
Obxectivo operativo	OI01	Actuacións de soporte e apoio (gasto de funcionamento)

Tipo de indicador	Indicador	Valor inicial	Valor final	Unidade	Data Vixencia
5-PEG	INFAN1- Porcentaxe de gasto de infancia e adolescencia	14,33	14,33	%	10.12.2021

De conformidade co previsto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia o prazo de execución e xustificación rematará o 15.12.2023 sen prexuízo de que as actividades subvencionadas sexan as executadas a partires do 01 de xaneiro de 2023.

Actividades a desenvolver e orzamento por partidas:

As actuacións a realizar correspóndense a obras de conservación e mantemento destinadas ao acondicionamento da cuberta, fachada e interior da edificación.

Así, contéplanse o seguinte orzamento xeral, descrición das obras e xustificación dos prezos:

- Orzamento xeral

CAPÍTULO	ACTIVIDADE	PORCENTAXE	ORZAMENTO
CAP_01	ACTUACIÓNS PREVIAS	5,02	1.864,30 €
CAP_02	ALBANERÍA	40,50	15.024,60 €
CAP_03	CARPINTERÍA DE MADEIRA	7,16	2.654,64 €
CAP_04	PINTURAS	33,94	12.591,84 €
CAP_05	XESTIÓN DE RESIDUOS	4,61	1.710,24 €
CAP_06	CONTROL DE CALIDADE, SEGURIDADE E	8,77	3.255,12 €





	SAÚDE	
Presuposto de execución material		37.100,74 €
21% I.V.E		7.791,16 €
Total orzamento xeral		44.891,90 €

- Descrición das obras e xustificación dos prezos

1.- Capítulo CAP01. ACTUACIÓNS PREVIAS

- Levantado de tella existente. Inclúese retirada de entullos a pé de carga, con transporte á entulleira e con p.p. de medios auxiliares. Cuberta.
Cantidade.....226,80
Prezo.....8,22 €
Importe..... 1.864,30 €

2.- Capítulo CAP-02. ALBANELERÍA

- Sustitución de ferros de fibrocemento existentes , i/p.p. de pezas especiais, caballetes e limas, medios auxiliares e elementos de seguridade. Pezas fibrocemento
Cantidade.....3
Prezo.....21,14 €
Importe.....63,42 €
- Cuberta de tella cerámica curva, colocada sobre soporte existente de fibrocemento, incluso p.p. de pezas especiais, caballetes, limatesas e medios auxiliares, s/NTE-QTT-11.
Cantidade.....226,80
Prezo.....36,41 €
Importe..... 8.257,79 €
- Cumbreira de tella cerámica de 43x26x9,5 cm. en cor vermella, recibida con espuma de poliuretano e ganchos de aceiro inoxidable, e colocada de tal forma que permita a de ventilación da cuberta a través do espazo entre as canles e as tellas acubillas laterais, i/pp de solapes e recortes, s/NTE-QTT. Medida en verdadeira magnitude colocada.





Cantidad.....25,20
Prezo..... 39,94 €
Importe..... 1.006,49 €

- Picado e limpeza de cúpula de Sancristía e posterior revestimento con morteiro bastardo (cal+cemento+area), previa aplicación de ponte de unión mediante resinas, s/NTE-RPE-5. Limpeza e revestimento de cúpula

Cantidad.....1
Prezo..... 3.817,51 €
Importe..... 3.817,51 €

- Limpeza de cachotería ordinaria de pedra de granito de campanario, i/rejuntado e limpeza da mesma. Reparación campanario

Cantidad.....1
Prezo..... 1.879,39 €
Importe..... 1.879,39 €

• 3.- Capítulo CAP-03. CARPINTERÍA DE MADEIRA

- Porta de entrada feita a medida igual a existente, de cuarterones ou lisa en madeira de primeira calidade, en madeira de iroko , para posterior pintado ou vernizado. Con 6 bisagras de ferro latonado e fechadura de seguridade dun punto de embutir Tesa ó similar. Totalmente montada, mesmo en p.p. de medios auxiliares.

Porta entrada
Cantidad.....1
Prezo.....2.654,64 €
Importe..... 2.654,64 €

4.- Capítulo CAP-04. PINTURAS

- Pintura ao silicato en interiores, cunha man de imprimación e dúas mans de acabado i/limpeza de superficies e acabado.Pintura interior

Cantidad......460
Prezo.....11,51 €
Importe..... 5.294,60 €

- Pintura ao silicato en exteriores, con dúas mans, i/limpeza de superficies e acabado. Fachadas





Cantidad.....396
Prezo.....16,44 €
Importe.....6.510,24 €

- Pintura mineral para fachadas, a base de silicato potásico, ALPHA SETALIET de SIKKENS (cumpre norma DIN 18363 Pfo.2.4.1) lisa, mate total, de alta opacidade e alta permeabilidade á auga e vapor de auga. Zócalo perimetral

Cantidad.....1
Prezo.....787,00 €
Importe.....787,00 €

5.- Capítulo CAP-05. XESTIÓN DE RESIDUOS

- Xestión de residuos xerados, segundo normativa vixente.

Cantidad.....488,64
Prezo.....3,50 €
Importe.....1.710,24 €

6.- Capítulo CAP-06. CONTROL DE CALIDADE, SEGURIDADE E SAÚDE

- Montaxe, desmonte, transporte e alugueiro en obra (30 días), de estada metálica tubular homologado necesario, para traballos ata 8 m de altura, i/malla de protección de tecido sintético, execución de apoios, arriostamiento do conxunto e p.p. de custos indirectos. Estada europea

Cantidad.....1
Prezo.....3.107,12 €
Importe.....3.107,12 €

- Rede vertical de seguridade necesaria de malla de poliamida de 7x7 cm. de paso, enudada con corda de D=3 mm. en módulos de 10x5 m. mesmo pescante metálico tipo forca de 8,00x2,00 m. en tubo de 80x40x1,5 mm. colocados cada 4,50 m., soporte mordaza (amortizable en 20 usos) ancoraxes de rede, cordas de unión e rede (amortizable en 10 usos) mesmo colocación e desmonte en primeira posta. s/ R.D.

Cantidad.....1
Prezo.....100,00 €
Importe.....100,00 €





- Casco de seguridade con arnés de adaptación, homologado. Certificado CE. s/ R.D. 773/97.
Cantidade.....2
Prezo.....6,00 €
Importe.....12,00 €

- Lentes antipolvo antiempañables, panorámicas, (amortizables en 3 usos). Certificado CE. s/ R.D. 773/97.
Cantidade.....2
Prezo.....6,00 €
Importe.....12,00 €

- Arnés de seguridade con amarre dorsal e torsal fabricado con cinta de nylon de 45 mm e elementos metálicos de aceiro inoxidable. Homologado CE. Arnés
Cantidade.....2
Prezo.....12,00 €
Importe.....24,00 €

Nos termos previstos no artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as subvencións previstas canalizaranse a través de convenios en canto entidades beneficiarias das axudas previstas.

Na tramitación administrativa deste expediente incorporaranse os seguintes informes:

-Informe da Asesoría Xurídica da Consellería do Medio Rural.

-Informe da Intervención Delegada da Consellería do Medio Rural.

Por todo o exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Para a tramitación deste convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.





O órgano competente para o acordo de convenios, por importe inferior a 900.000 euros que deba concertar a Agader para o axeitado exercicio das súas funcións, é o Consello de Dirección da Agader, que ten delegada a dita competencia na persoa titular da Dirección Xeral da Agader en virtude do apartado Primeiro, II, 7 do acordo do Consello de Dirección da Agader do 11 de xullo de 2013, publicado mediante a Resolución do 24 de xullo de 2013 (DOG nº 148, do 5.8.2013).

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica.

O Consello de Dirección
P.D. (Acordo do 11.07.2013)
A directora xeral
Inés Santé Riveira

